

INFORMACIÓN PROCESO ADMISIÓN ALUMNADO

CENTROS ADSCRITOS AO IES A BASELLA:

CENTROS DE PRIMARIA (para cursar ESO)

- CEIP Plurilingüe Xulio Camba
- CEIP de Viñagrande-Deiro

CENTROS DE SECUNDARIA (para cursar Bacharelato)

- IES da Illa de Arousa
- IES Faro das Lúas

ÁREAS DE INFLUENCIA IES A BASELLA:

- Para a etapa da ESO: zonas de influencia do CEIP Plurilingüe Xulio Camba, CEIP de Viñagrande-Deiro.
- Para a etapa de Bacharelato: Todo o concello de Vilanova de Arousa

ÁREAS LIMÍTROFES IES A BASELLA:

- Para a etapa da ESO:
 - Zonas de influencia dos demais centros do concello (IES Faro das Lúas) que imparten a mesma etapa educativa.
 - Zonas de influencia doutros concellos que limitan xeográficamente co concello de Vilanova de Arousa.
 - En concreto teñen a consideración de “zonas limítrofes” os concellos de: Illa de Arousa, Vilagarcía, Cambados, Meis, Ribadumia, Portas e Caldas de Reis.
- Para a etapa de Bacharelato:
 - Zonas de influencia doutros concellos que limitan xeográficamente co concello de Vilanova de Arousa.
 - En concreto teñen a consideración de “zonas limítrofes” os concellos de: Illa de Arousa, Vilagarcía, Cambados, Meis, Ribadumia, Portas e Caldas de Reis.

INFORMACIÓN SOBRE O PROCESO DE RESERVA E ADMISIÓN

- O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

- Alumnado que solicita praza no centro e **non pertence a un dos centros adscritos**: poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar. Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentar.
- En todo caso a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.
- A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro, poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos na lei.

INFORMACIÓN DO SERVIZO COMPLEMENTARIO QUE OFRECE O CENTRO:TRANSPORTE ESCOLAR

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- [DECRETO 65/2014, do 28 de maio, polo que se modifica o Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.](#)
- [Instrución Conxunta 1/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2023/24.](#)
- [Real Decreto 894/2002, de 30 de agosto, por el que se modifica el Real Decreto 443/2001, de 27 de abril, sobre condiciones de seguridad en el transporte escolar y de menores.](#)

O alumnado que queira acceder aos servizos complementarios de transporte escolar deberá indicalo no recadro correspondente do modelo normalizado de solicitude de reserva, de admisión ordinaria ou cando se matricule en educación secundaria obrigatoria.

O alumnado que solicite e obteña praza nun centro escolar que non estea na área de influencia que lle corresponda (domicilio familiar ou lugar de traballo das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras) non terá dereito aos servizos complementarios de transporte escolar.

Según a citada Instrución, **o alumnado de bacharelato non ten a consideración de persoa con dereito a transporte escolar gratuito por tratarse dunha ensinanza non obrigatoria.** Pero pode utilizar o transporte sempre que concorran, entre outros, os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes.
- Que non comporte a modificación das rutas.
- Que non supoña a creación de novas paradas.